

**1º EXERCICIO: PARTE COMÚN**

**INSTRUCCIÓN:**

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que enchese por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. Indique cal das seguintes constitúe unha competencia do Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 75 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia:**

- A) A elaboración do proxecto do Plan de Saúde de Galicia.
- B) A aprobación da estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.
- C) A aprobación do anteproxecto de orzamento do Servizo Galego de Saúde.
- D) As respostas B) e C) son correctas.

**2. Síñale a afirmación correcta:**

- A) Os deputados do Parlamento de Galicia están suxeitos a mandato imperativo.
- B) O Parlamento de Galicia é elixido por un prazo de cinco anos.
- C) O Parlamento de Galicia é inviolable.
- D) A responsabilidade penal dos membros do Parlamento de Galicia por feitos delituosos cometidos fóra do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia corresponde á Sala do Penal da Audiencia Nacional.

**3. De conformidade co artigo 48 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, a duración máxima conxunta dos tempos de traballo correspondentes á xornada complementaria e á xornada ordinaria é de:**

- A) 40 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo semestral, agás que mediante acordo, pacto ou convenio colectivo se estableza outro cómputo.
- B) 45 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo semestral, agás que mediante acordo, pacto ou convenio colectivo se estableza outro cómputo.
- C) 48 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo semestral, agás que mediante acordo, pacto ou convenio colectivo se estableza outro cómputo.
- D) 50 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo semestral, agás que mediante acordo, pacto ou convenio colectivo se estableza outro cómputo.

**4. De conformidade co artigo 44 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, o persoal licenciado sanitario que cese nun posto de xefatura:**

- A) Incorporarase a unha praza da mesma categoría e especialidade da institución de destino orixinario, sempre que o dito destino tivera carácter definitivo.
- B) Incorporarase a unha praza da mesma categoría e especialidade da institución de destino orixinario, en todo caso.
- C) Deberá participar necesariamente no primeiro concurso de traslados que se convoque, debendo solicitar todas as prazas que se oferten da súa categoría e especialidade.
- D) Poderá optar por incorporarse a unha praza básica da súa categoría e especialidade en calquera institución sanitaria do Servizo Galego de Saúde, co carácter de destino definitivo.

**5. Segundo a Constitución Española:**

- A) Ningún español de orixe poderá ser privado da súa nacionalidade.
- B) Os españois son maiores de idade aos 16 anos.
- C) A forma política do Estado español é a Monarquía constitucional.
- D) Permítense as asociacións secretas e de carácter paramilitar.

**6. De conformidade co artigo 7 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, están prohibidos os ficheiros creados coa finalidade exclusiva de almacenar datos de carácter persoal que revelen:**

- A) A ideoloxía e a afiliación sindical.
- B) A relixión e crenzas.
- C) A orixe racial ou étnica.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

**7. De conformidade co artigo 36 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, é unha competencia dos delegados de prevención:**

- A) Colaborar coa dirección da empresa na mellora da acción preventiva.
- B) Promover e fomentar a cooperación dos traballadores na execución da normativa sobre prevención de riscos laborais.
- C) Exercer un labor de vixilancia sobre o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

**8. Segundo o artigo 9 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:**

- A) Os nomeamentos temporais poden ser de interinidade, de carácter eventual, de substitución e de fomento do emprego.
- B) O nomeamento de interinidade expídese para o desempeño dunha praza vacante e ten unha duración máxima de 12 meses.
- C) O nomeamento eventual pode expedirse para a prestación de servizos complementarios dunha redución de xornada ordinaria.
- D) As respostas A) e C) son correctas.

**9. De conformidade co artigo 25 da Constitución Española, a Administración civil pode impoñer sancións que impliquen privación de liberdade:**

- A) En ningún caso.
- B) Por infraccións tributarias.
- C) Por débedas ao Estado.
- D) Por infraccións administrativas.

**10. De conformidade co artigo 56 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, as estruturas fundamentais do sistema sanitario, responsabilizadas da xestión unitaria dos centros e establecementos do Servizo de Saúde da Comunidade Autónoma na súa demarcación territorial e das prestacións sanitarias e programas sanitarios a desenvolver por eles, denomínanse:**

- A) Estructuras de xestión integral.
- B) Áreas de saúde.
- C) Zonas básicas de saúde.
- D) Zonas primarias de saúde.

Preguntas de reserva

**1. De conformidade co artigo 3 do Decreto 168/2010, do 7 de outubro, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde, constitúe un órgano unipersoal da súa estrutura directiva:**

- A) A Dirección de Ordenación de Persoal.
- B) A Dirección Operativa.
- C) A Dirección de Procesos Asistenciais.
- D) A Dirección de Servizos Comúns.

**2. De conformidade co artigo 20 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, indique cal da seguinte información contida na historia clínica debe conservarse indefinidamente:**

- A) Informes de alta.
- B) Informes de anestesia.
- C) Follas de evolución e de planificación de coidados de enfermaría.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

